

'O achado do castro', as leas cómicas de mozos romanos

Recreación escénica dos amores prohibidos na antiga Roma a partir duns diálogos recheos de creatividade e humor

EULALIA AGRELO
CRPIH/LITER-21 USC


Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) é coñecido entre o lectorado xuvenil polos succulentos relatos de *Menú de enganos* e a lograda peza teatral *Comedia bífida*, na que, desde a comicidade, fixo aguillar conciencias en relación á diglosia existente na sociedade galega. Para os andeis da literatura dramática xuvenil tamén recuperou en 2014 *O achado do castro*, que a Editorial Galaxia incorporou á súa colección "Costa Oeste", logo de ser publicada por Sotelo Blanco Edicións en 1991.

As orixes de *O achado do castro* sitúanse nunha función estreada en 1983 polo grupo de teatro do Instituto de Bacharelato Basanta Silva de Vilalba, do que tamén formaba parte Núñez Singala, aínda que o seu maior recoñecemento lle chegou en 1987, ao recibir o premio Xiria de Creación Teatral.

Para a presente edición o texto foi revisado de acordo cos estándares normativos actuais e corrixióronse certos erros, ademais de efectuarse un cambio menor na actuación do Presentador que, en troques de dar unha palmada para iniciar a acción, agora chasca os dedos para evitar o inoportuno aplauso do público. O resto do texto respecta a versión primixenia des-



O autor e escritor lucense Manuel Núñez Singala



'O achado do Castro'

naxes integrado por tipos característicos da época, mais gravados por un buril presionado polo humor e a chacota.

Carmiñae e Manolitus son dous mozos namorados, con máis beleza ca cerebro, que manteñen unha relación amorosa non consentida polos seus respectivos proxenitores: un Emperador gordo e vulgar e a rica e rabuda comerciante Arpexia. A historia ensarállase ao cruzárense estes amores prohibidos coa antitética parella de ladróns formada por Catulo e Caleno, que tentan roubarlle o medallón ao Emperador, así como coa participación de dous soldados marciais, o adúlador sabio Citrón e o esperto e irónico escravo de cor.

Todos eles propician a sucesión dunha restra de escenas un tanto disparatadas, que provocarán a gargallada daqueles que se animen a internarse nas páxinas desta enleada un tanto choqueira. Espontan sobre todo os ocorrentes e graciosos diálogos asentados na combinación dun latín macarrónico e un galego recheo de estruturas coloquiais, que sosteñen unha comedia de tinturas esperpénticas na que, en oposición ao desenlace trágico de Romeo e Xulietta, acaban por emparellarse todos os membros das familias enfrontadas.

eagrelo@yahoo.es

ta breve obra ambientada na Roma antiga, pero que dialoga coa actualidade xa desde a cuberta, na que a postura adoptada polas pernas duns mozos suxiren un episodio amoroso.

En dous actos desenvólvese a trama argumental destes restos textuais atopados nun castro, que se arriscan a alterar as clásicas convencións teatrais. De aí que estea guiada polo xa amentado Presentador, un erudito latinista "de catro pesetas" que actúa como director, e que arrinque coa inusual autopresentación dun elenco de perso-